

7. Exencións: quedan exentos do aboamento de taxas os organismos e institucións oficiais pertencentes a calquera das administracións públicas.

8. Autoliquidación e pagamento:

Un. A taxa será obxecto de autoliquidación por parte do suxeito pasivo, que deberá presentar xustificante do seu pagamento á solicitude do permiso ou certificado.

Dous. O pagamento da taxa realizarase en efectivo polo procedemento establecido na normativa que regula a xestión recadatoria das taxas da facenda pública.

9. Xestión e recadación: a xestión da taxa será levada a cabo pola Secretaría Xeral de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 36.1, do seguinte teor:

«Para efectos da autorización prevista no parágrafo anterior, a autoridade competente verificará o cumprimento dos requisitos exixibles en materia de protección animal. En todo caso, as explotacións en que os animais descansan no curso dunha viaxe deberán estar autorizadas e rexistradas pola autoridade competente en materia de protección animal.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 89.1, do seguinte teor:

«Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se, en razón das circunstancias concorrentes, se aprecia unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado, o órgano sancionador poderá establecer a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións de menor gravidade que aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate.»

Disposición derradeira segunda. Títulos competenciais.

1. Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior:

a) Os artigos 1 b), 10 e 19 e o réxime de inspeccións, infraccións e sancións correspondentes ás importacións e exportacións que se dita ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de sanidade exterior, de acordo co artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución.

b) A disposición adicional segunda dítase ao abeiro da competencia exclusiva que o artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución lle recoñece ao Estado en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira terceira. Actualización de sancións.

O Goberno poderá, mediante real decreto, actualizar as sancións pecuniarias tipificadas no artigo 16, de acordo coa variación anual do índice de prezos de consumo.

Disposición derradeira cuarta. Recoñecemento da formación dos investigadores de centros que utilicen animais para experimentación ou outros fins científicos.

O Ministerio de Educación e Ciencia establecerá no prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei,

un procedemento excepcional para acreditar que os investigadores posúen a formación e experiencia adecuada para a experimentación con animais. A aplicación deste procedemento estenderase ata un ano despois da entrada en vigor da lei.

Disposición derradeira quinta.

O disposto nos artigos 6.3, 14.1, letras a), c) e d), 14.2.a), 16.3 e no punto 2 da disposición adicional primeira desta lei, é aplicable en canto as comunidades autónomas con competencia estatutariamente asumida nesta materia non diten a súa propia normativa.

Disposición derradeira sexta. Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de novembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

**19322** LEI 33/2007, do 7 de novembro, de reforma da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear. («BOE» 268, do 8-11-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

A creación do Consello de Seguranza Nuclear, mediante a Lei 15/1980, do 22 de abril, como o único organismo competente en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica, independente da Administración xeral do Estado, constituíu un fito fundamental no desenvolvemento da seguranza nuclear en España e permitiu equiparar o marco normativo español en materia de enerxía nuclear ao dos países máis avanzados neste campo.

Aínda que esa lei foi modificada nalgúns aspectos –principalmente, pola Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguranza Nuclear–, o tempo transcorrido desde a súa promulgación aconsella a súa actualización co obxecto de ter en conta a experiencia adquirida durante este período, de incorporar as modificacións puntuais que se viñeron realizando no seu articulado, de adaptala á crecente sensibilidade social en relación co ambiente, e de introducir ou desenvolver algúns aspectos co fin de garantir o mantemento da súa independencia efectiva e reforzar a transparencia e a eficacia deste organismo.

Dadas as funcións que o Consello de Seguranza Nuclear ten encomendadas, é fundamental que as súas actuacións contén coa necesaria credibilidade e confianza por parte da sociedade que ten a misión de protexer contra os efectos indesexables das radiacións ionizantes.

Con este obxectivo, cómpre establecer os mecanismos oportunos para que o funcionamento do Consello de Seguranza Nuclear se leve a cabo nas necesarias condicións de transparencia que favorezan a dita confianza. En liña co establecido no coñecido como Convenio Aarhus, ratificado por España o 15 de decembro de 2004 e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, na cal se garante o dereito dos cidadáns ao acceso á información, a participación da sociedade no funcionamento deste organismo e o dereito á interposición de recursos.

Desenvólvense as definicións no ámbito dos instrumentos normativos do Consello de Seguranza Nuclear, refórzase o seu papel no ámbito da protección física dos materiais e as instalacións nucleares e radioactivas e, co obxecto de garantir a independencia requirida, precísanse os requisitos que debe cumprir a contratación de servizos externos.

Por outra parte, atendendo ao obxectivo fundamental de que o funcionamento das instalacións nucleares e radioactivas se leve a cabo nas máximas condicións de seguranza posibles, establécese a obriga para os seus traballadores de comunicar calquera feito que poida afectar o seu funcionamento seguro protexéndoos de posibles represalias.

Por último, nesta lei recóllese o establecemento dun comité asesor, como órgano de asesoramento e consulta, aberto á participación de representantes dos ámbitos institucionais, territoriais, científicos, técnicos, empresariais, sindicais e ambientais, cuxa misión será emitir recomendacións ao Consello de Seguranza Nuclear para mellorar a transparencia, o acceso á información e a participación pública nas materias da súa competencia.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear.*

1. Modifícase o artigo 1 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 1.

1. Créase o Consello de Seguranza Nuclear como ente de dereito público, independente da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica e patrimonio propio e independente dos do Estado, e como único organismo competente en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica.

Rexerase por un estatuto propio elaborado polo Consello e aprobado polo Goberno, de cuxo texto dará traslado ás comisións competentes do Congreso e do Senado antes da súa publicación, e por cantas disposicións específicas se lle destinen, sen prexuízo da aplicación supletoria dos preceptos da lexislación común ou especial.

2. O Consello elaborará o anteproxecto do seu orzamento anual, de acordo co previsto na Lei xeral orzamentaria e elevarao ao Goberno para a súa integración nos orzamentos xerais do Estado.»

2. Modifícase o artigo 2 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 2.

As funcións do Consello de Seguranza Nuclear serán as seguintes:

a) Proporlle ao Goberno as regulamentacións necesarias en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica, así como as revisións que considere convenientes. Dentro desta regulamentación

estableceranse os criterios obxectivos para a selección de localizacións das instalacións nucleares e das radioactivas de primeira categoría, logo do informe das comunidades autónomas, na forma e prazo que regulamentariamente se determinen.

Así mesmo, poderá elaborar e aprobar as instrucións, circulares e guías de carácter técnico relativas ás instalacións nucleares e radioactivas e as actividades relacionadas coa seguranza nuclear e a protección radiolóxica.

As instrucións son normas técnicas en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica que terán carácter vinculante para os suxeitos afectados polo seu ámbito de aplicación, unha vez notificadas ou, se é o caso, publicadas no Boletín Oficial del Estado. No proceso de elaboración das instrucións do Consello fomentárase a participación dos interesados e do público nos termos previstos na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente. As instrucións serán comunicadas ao Congreso dos Deputados con carácter previo á súa aprobación polo Consello.

As circulares son documentos técnicos de carácter informativo que o Consello poderá dirixir a un ou a máis suxeitos afectados polo seu ámbito de aplicación para informalos de feitos ou circunstancias relacionadas coa seguranza nuclear ou a protección radiolóxica.

As guías son documentos técnicos de carácter recomendatorio cos que o Consello poderá dirixir orientacións aos suxeitos afectados en relación coa normativa vixente en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica.

Adicionalmente, o Consello de Seguranza Nuclear poderá remitir directamente aos titulares das autorizacións, ás cales se refire a alínea b) deste artigo, instrucións técnicas complementarias para garantir o mantemento das condicións e requisitos de seguranza.

b) Emitir informes ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, relativos á seguranza nuclear, protección radiolóxica e protección física, previos ás resolucións que este adopte en materia de concesión de autorizacións para as instalacións nucleares e radioactivas, os transportes de substancias nucleares ou materiais radioactivos, a fabricación e homologación de equipamentos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes, a explotación, restauración ou peche das minas de uranio, e, en xeral, de todas as actividades relacionadas coa manipulación, procesamento, almacenamento e transporte de substancias nucleares e radioactivas.

Emitir informes previos ás resolucións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en relación coa autorización de empresas de venda e asistencia técnica dos equipamentos e instalacións de raios X para diagnóstico médico e doutros equipamentos destinados a instalacións radioactivas e levar a cabo a súa inspección e control.

Emitir os informes previos ás resolucións que en casos e circunstancias excepcionais dite o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, por iniciativa propia ou por instancia do Consello de Seguranza Nuclear, en relación coa retirada e xestión segura de materiais radioactivos.

Estes informes serán preceptivos en todo caso e, ademais, vinculantes cando teñan carácter negativo ou denegatorio dunha concesión e, así mesmo, en canto ás condicións que establezan, caso de ser positivos.

Os procedementos nos cales se deban emitir os informes aos cales se refire este punto poderán ser suspendidos polo órgano competente para a súa resolución, excepcionalmente, con carácter indefinido ata a súa emisión ou durante o período de tempo que se considere adecuado para que estes sexan emitidos, xustificando motivadamente a suspensión.

c) Realizar toda clase de inspeccións nas instalacións nucleares ou radioactivas durante as distintas fases de proxecto, construción e posta en marcha, nos transportes, fabricación e homologación de equipamentos que incorporen fontes radioactivas ou sexan xeradores de radiacións ionizantes, e a aprobación ou validación de vultos destinados ao transporte de substancias radioactivas con obxecto de garantir o cumprimento da lexislación vixente e dos condicionamentos impostos nas correspondentes autorizacións, con facultade para a paralización das obras ou actividades en caso de aparición de anomalías que afecten a seguranza e mentres estas sexan corrixiadas, podendo propor a anulación da autorización se as anomalías non fosen susceptibles de seren corrixiadas.

d) Levar a cabo a inspección e o control das instalacións nucleares e radioactivas durante o seu funcionamento e ata a súa clausura, co obxecto de asegurar o cumprimento de todas as normas e condicionamentos establecidos, tanto de tipo xeral como os particulares establecidos para a instalación, co fin de que o funcionamento destas instalacións non supoña riscos indebidos, nin para as persoas nin para o ambiente. O Consello de Seguranza Nuclear ten autoridade para suspender o funcionamento das instalacións ou as actividades que se realicen, por razóns de seguranza.

e) Propor a apertura dos expedientes sancionadores que considere pertinentes no ámbito das súas competencias, de acordo coa lexislación vixente.

Así mesmo, o Consello de Seguranza Nuclear, iniciado un procedemento sancionador en materia de seguranza nuclear, protección radiolóxica ou protección física emitirá, con carácter preceptivo, un informe no prazo de tres meses, para a adecuada cualificación dos feitos obxecto de procedemento. Este informe emitirase cando esta iniciación o sexa por instancia doutro organismo, ou no suposto de que téndose incoado como consecuencia de petición razoada do propio Consello de Seguranza Nuclear, consten no dito procedemento outros datos ademais dos comunicados polo dito ente.

f) Colaborar coas autoridades competentes na elaboración dos criterios aos que se deben axustar os plans de emerxencia exterior e os plans de protección física das instalacións nucleares e radioactivas, e unha vez redactados os plans, participar na súa aprobación.

Coordinar, para todos os aspectos relacionados coa seguranza nuclear e a protección radiolóxica, as medidas de apoio e resposta ás situacións de emerxencia, integrando e coordinando os diversos organismos e empresas públicas ou privadas cuxo concurso sexa necesario para o cumprimento das funcións atribuídas a este organismo.

Así mesmo, realizar calquera outra actividade en materia de emerxencias que lle sexan asignadas na regulamentación aplicable.

g) Controlar as medidas de protección radiolóxica dos traballadores profesionalmente expostos, do público e do ambiente. Vixiar e controlar as doses de radiación recibidas polo persoal de operación e as descargas de materiais radioactivos ao exterior das instalacións nucleares e radioactivas e a súa

incidencia, particular ou acumulativa, nas zonas de influencia destas instalacións.

Avaliar o impacto radiolóxico ambiental das instalacións nucleares e radioactivas e das actividades que impliquen o uso de radiacións ionizantes, de acordo co establecido na lexislación aplicable.

Controlar e vixiar a calidade radiolóxica do ambiente de todo o territorio nacional, en cumprimento das obrigas internacionais do Estado español na materia, e sen prexuízo da competencia que as distintas administracións públicas teñan atribuídas.

De igual modo, colaborar coas autoridades competentes en materia de vixilancia radiolóxica ambiental fóra das zonas de influencia das instalacións nucleares ou radioactivas.

h) Colaborar coas autoridades competentes en relación cos programas de protección radiolóxica das persoas sometidas a procedementos de diagnóstico ou tratamento médico con radiacións ionizantes.

i) Conceder e, se é o caso, revogar as autorizacións correspondentes ás entidades ou empresas que presten servizos no ámbito da protección radiolóxica, así como efectuar a inspección e control, en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica, das citadas entidades, empresas, servizos e centros autorizados.

Colaborar coas autoridades competentes en relación coa vixilancia sanitaria dos traballadores profesionalmente expostos e na atención médica de persoas potencialmente afectadas polas radiacións ionizantes.

Crear e manter o Rexistro de Empresas Externas aos titulares das instalacións nucleares ou radioactivas con traballadores clasificados como profesionalmente expostos e efectuar o control ou as inspeccións que coide necesarios sobre as ditas empresas.

j) Emitir, por solicitude de parte, declaracións de apreciación favorable sobre novos deseños, metodoloxías, modelos de simulación ou protocolos de verificación relacionados coa seguranza nuclear e coa protección radiolóxica.

k) Informar o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio en relación coas concentracións ou niveis de actividade, para a súa consideración como residuos radioactivos, daqueles materiais que conteñan ou incorporen substancias radioactivas e para as cales non estea previsto ningún uso.

l) Conceder e renovar, mediante a realización das probas que o propio Consello estableza, as licenzas de operador e supervisor para instalacións nucleares ou radioactivas, os diplomas de xefe de Servizo de Protección Radiolóxica, e as acreditacións para dirixir ou operar as instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico.

Así mesmo, homologar programas e cursos de formación e perfeccionamento específicos en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica que capaciten para dirixir o funcionamento ou operar as instalacións radioactivas e os equipamentos das instalacións de raios X con fins de diagnóstico médico, e os que capaciten para exercer as funcións de xefe de Servizo de Protección Radiolóxica.

ll) Realizar os estudos, avaliacións e inspeccións dos plans, programas e proxectos necesarios para todas as fases da xestión dos residuos radioactivos.

m) Asesorar, cando sexa requirido para isto, os tribunais e os órganos das administracións públicas en materia de seguranza nuclear e protección radiolóxica.

n) Manter relacións oficiais con organismos similares estranxeiros e participar en organismos

internacionais con competencia en temas de seguraza nuclear ou protección radiolóxica.

Así mesmo, poderá colaborar con organismos ou organizacións internacionais en programas de asistencia en materia de seguraza nuclear e protección radiolóxica, participando na súa execución ben directamente ou a través da contratación a este fin, de terceiras persoas ou entidades, sempre de conformidade coas condicións determinadas polas ditas organizacións.

ñ) Informar a opinión pública, sobre materias da súa competencia coa extensión e periodicidade que o Consello determine, sen prexuízo da publicidade das súas actuacións administrativas nos termos legalmente establecidos.

o) Coñecer do Goberno e asesoralo respecto dos compromisos con outros países ou organismos internacionais en materia de seguraza nuclear e protección radiolóxica, os cales serán tidos en conta no exercicio das funcións que son conferidas ao Consello por esta lei.

p) Establecer e efectuar o seguimento de plans de investigación en materia de seguraza nuclear e protección radiolóxica.

q) Recoller información precisa e asesorar, se é o caso, respecto ás afeccións que se puidesen orixinar nas persoas por radiacións ionizantes derivadas do funcionamento de instalacións nucleares ou radioactivas.

r) Inspeccionar, avaliar, controlar, propor e adoptar, en caso de ser necesario, informando a autoridade competente, cantas medidas de prevención e corrección sexan precisas ante situacións excepcionais ou de emerxencia que se presenten e que poidan afectar a seguraza nuclear e a protección radiolóxica, cando teñan a súa orixe en instalacións, equipamentos, empresas ou actividades non suxeitas ao réxime de autorizacións da lexislación nuclear.

s) Arquivar e custodiar a documentación, que deberán remitir ao Consello de Seguraza Nuclear os titulares das autorizacións de explotación de instalacións nucleares, cando se produza o cesamento definitivo nas prácticas e con carácter previo á transferencia de titularidade e á concesión da autorización de desmantelamento delas.

t) Colaborar coas autoridades competentes no desenvolvemento das inspeccións de salvagardas nucleares derivadas dos compromisos contraídos polo Estado español.

u) Calquera outra que, no ámbito da seguraza nuclear e a protección radiolóxica, lle sexa legalmente atribuída.»

3. Modifícase o artigo 4 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguraza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 4.

1. O Consello de Seguraza Nuclear estará constituído por un presidente e catro conselleiros.

2. O réxime xurídico do Consello de Seguraza Nuclear axustarase ao disposto no seu estatuto e supletoriamente no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que respecta ao réxime de adopción de acordos.

3. As relacións entre o Pleno do Consello de Seguraza Nuclear, como órgano colexiado de dirección del, e a Presidencia, son relacións de competencia, non existindo subordinación xerárquica entre eles. As relacións entre os dous órganos de

dirección deberánse rexer polos principios de cooperación, ponderación e respecto ao exercicio lexítimo das competencias do outro órgano.

4. O Consello designará de entre os seus conselleiros, por proposta de calquera dos seus membros, un vicepresidente, que substituirá o presidente, nos casos de ausencia, vacante e enfermidade.

5. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral da cal dependerán os órganos de traballo administrativos e xurídicos para o cumprimento dos seus fins, así como daqueles órganos técnicos internos ou externos que prevexan os estatutos. O secretario xeral actuará como secretario do Consello.»

4. Modifícanse os artigos 5 e 6 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguraza Nuclear, que quedan redactados como segue:

«Artigo 5.

1. O presidente e conselleiros do Consello de Seguraza Nuclear serán designados entre persoas de coñecida solvencia nas materias encomendadas ao Consello como as especialidades de seguraza nuclear, tecnoloxía, protección radiolóxica e do ambiente, medicina, lexislación ou calquera outra conexas coas anteriores, así como en enerxía en xeral ou seguraza industrial, valorándose especialmente a súa independencia e obxectividade de criterio.

2. Serán nomeados polo Goberno, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, logo de comparecencia da persoa proposta para o cargo ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados, nos termos que prevexa o Regulamento do Congreso. O Congreso, a través da comisión competente e por acordo dos tres quintos dos seus membros, manifestará a súa aceptación ou veto razoado no prazo dun mes natural contado desde a recepción da correspondente comunicación. Transcorrido este prazo sen manifestación expresa do Congreso, entenderanse aceptados os correspondentes nomeamentos.

O período de permanencia no cargo será de seis anos, podendo ser designados, mediante o mesmo procedemento, como máximo para un segundo período de seis anos. Os cargos de presidente e conselleiros non poderán ser exercidos por persoas maiores de setenta anos.

3. O secretario xeral do Consello e os responsables daqueles outros órganos técnicos que prevexan os estatutos serán designados polo Goberno por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e logo do informe favorable do Consello. O cargo de secretario xeral do Consello, así como daqueles outros secretarios xerais que prevexan os estatutos, non poderán ser exercidos por persoas maiores de 70 anos.

Artigo 6.

Os cargos de presidente, conselleiros, secretario xeral do Consello, e aqueles outros órganos técnicos que prevexan os estatutos son incompatibles con calquera outro cargo ou función, retribuída ou non, percibindo exclusivamente, por toda a duración do seu mandato ou cargo, a retribución que se fixe en atención á importancia da súa función. Ao cesar no cargo e durante os dous anos posteriores, non poderá exercer actividade profesional ningunha relacionada coa seguraza nuclear e a protección radiolóxica. Regulamentariamente determinarase a compensación económica que corresponda percibir en virtude desta limitación.»

5. Modifícase o punto 1 do artigo 7 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«1. O presidente e conselleiros do Consello de Seguranza Nuclear cesarán polas seguintes causas:

- a) Por cumpriren setenta anos.
- b) Por finalizaren o período para o cal foron designados.
- c) A pedimento propio.
- d) Por estaren comprendidos nalgunha das incompatibilidades establecidas nesta lei.
- e) Por decisión do Goberno mediante o mesmo trámite establecido para o nomeamento cando sexan considerados incapacitados para o exercicio das súas funcións ou por deixar de atender con dilixencia os deberes do seu cargo.

O Congreso dos Deputados, a través da comisión competente e por acordo dos tres quintos dos seus membros, poderá instar en calquera momento ao Goberno o cesamento do presidente e conselleiros.

Cando o cesamento do presidente e conselleiros teña lugar por finalizar o período para o que foron nomeados, estes continuarán no exercicio das súas funcións ata que tomasen posesión os que tivesen que sucedelos. O Congreso, a través da comisión correspondente, deberá confirmar a prórroga no caso de que esta supere os seis meses.»

6. Modifícase o artigo 8 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 8.

1. O persoal técnico do Consello de Seguranza Nuclear estará constituído por funcionarios do corpo de Seguranza Nuclear e Protección Radiolóxica. O réxime de ingreso, provisión de postos, situacións administrativas, promoción profesional, mobilidade e demais dereitos e deberes dos funcionarios deste corpo especial, será o mesmo que o dos funcionarios da Administración xeral do Estado, tendo en conta o ámbito funcional propio do dito corpo.

2. O Consello, de acordo coas normas que se establezan no estatuto, poderá contratar os servizos de persoal, empresas e organizacións nacionais ou estranxeiras exclusivamente para a realización de traballos ou a elaboración de estudos específicos, sempre que se constate que non existe vinculación cos afectados polos servizos obxecto de contratación. En ningún caso persoal alleo ao Consello de Seguranza Nuclear poderá participar directamente na toma de decisións sobre os expedientes administrativos en curso. O Consello de Seguranza Nuclear establecerá os medios necesarios para asegurar que o persoal, empresas e organizacións externas contratadas respectan, en todo momento, as obrigas de independencia requiridas durante a prestación dos seus servizos.»

7. Modifícase o artigo 11 da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 11.

O Consello de Seguranza Nuclear manterá puntualmente informado o Goberno e o Congreso dos Deputados e o Senado de calquera circunstancia ou suceso que afecte a seguranza das instalacións nucleares e radioactivas ou a calidade radiolóxica do ambiente en calquera lugar dentro do territorio

nacional, así como os Gobernos e parlamentos autonómicos concernidos.

Polo que se refire ao Congreso dos Deputados e ao Senado, esta información canalizarase a través dunha comisión relatora ou comisión parlamentaria ad hoc, á cal tamén se dará conta do cumprimento de todas as resolucións ditadas polas cámaras cuxa execución lle competa ao Consello de Seguranza Nuclear. Esta comisión relatora ou comisión parlamentaria poderá solicitar cantas comparecencias de responsables do Consello crea oportunas. Pola súa vez, o Pleno do Consello tamén poderá solicitar a través da mesma comisión relatora ou parlamentaria comparecencia para informar de calquera tema da súa competencia que considere de interese para as cámaras.

Con carácter anual o Consello de Seguranza Nuclear remitirá a ambas as cámaras do Parlamento español e aos parlamentos autonómicos daquelas comunidades autónomas en cuxo territorio estean radicadas instalacións nucleares, un informe sobre o desenvolvemento das súas actividades.»

8. Engádese un artigo 12 á Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, quedando redactado como segue:

«Artigo 12.

O dereito de acceso á información e participación do público en relación coas competencias do Consello referidas á seguranza nuclear e protección radiolóxica rexeranse polo previsto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.»

9. Engádese un artigo 13 á Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

«Artigo 13.

1. As persoas físicas ou xurídicas ao servizo das instalacións nucleares e radioactivas, calquera que sexa a relación laboral ou contractual que manteñan con estas, deberán pór en coñecemento dos titulares calquera feito coñecido que afecte ou poida afectar o funcionamento seguro delas e o cumprimento da normativa vixente en materia de seguranza nuclear ou protección radiolóxica.

En caso de que os titulares non tomen dilixentemente medidas correctoras, deberán pólo en coñecemento do Consello de Seguranza Nuclear.

2. Os empregadores que tomen represalias contra os traballadores que poñan en coñecemento do Consello de Seguranza Nuclear feitos relacionados coa seguranza das instalacións serán sancionados de acordo co previsto na lexislación sobre enerxía nuclear.

3. Regulamentariamente desenvolveranse os mecanismos administrativos necesarios para facilitar o exercicio deste dereito.

4. O exercicio deste dereito non poderá reportar efectos adversos para o traballador no seu posto de traballo salvo nos supostos en que se acredite mala fe na súa actuación.

Entenderanse nulas e sen efecto as decisións do titular tomadas en prexuízo ou detrimento dos dereitos laborais dos traballadores que exercen o dereito previsto neste artigo.»

10. Engádese un artigo 14 á Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

## «Artigo 14.

O Consello de Seguranza Nuclear deberá facilitar o acceso á información e a participación do cidadán e da sociedade civil no seu funcionamento. Para tal efecto:

1.º Informará os cidadáns sobre todos os feitos relevantes relacionados co funcionamento das instalacións nucleares e radioactivas, especialmente en todo aquilo que fai referencia ao seu funcionamento seguro, ao impacto radiolóxico para as persoas e o ambiente, aos sucesos e incidentes ocorridos nelas, así como das medidas correctoras implantadas para evitar a reiteración dos sucesos. Para facilitar o acceso a esta información, o Consello de Seguranza Nuclear fará uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

2.º Informará de todos os acordos do Consello, con clara exposición dos asuntos, os motivos do acordo e os resultados das votacións habidas.

3.º Someterá a comentarios públicos as instrucións e guías técnicas, durante a fase de elaboración, facendo uso extensivo da web corporativa do Consello de Seguranza Nuclear para facilitar o acceso dos cidadáns.

4.º Impulsará e participará en foros de información, nos contornos das instalacións nucleares, nos cales se traten aspectos relacionados co seu funcionamento e en especial a preparación ante situacións de emerxencia e a análise dos sucesos ocorridos.»

11. Engádesse un artigo 15 á Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactado como segue:

## «Artigo 15.

1. Créase un Comité Asesor para a información e participación pública sobre seguranza nuclear e protección radiolóxica, presidido polo presidente do Consello de Seguranza Nuclear, cuxa misión será emitir recomendacións ao Consello de Seguranza Nuclear para mellorar a transparencia, o acceso á información e a participación pública nas materias que son da súa competencia.

As recomendacións do Comité Asesor non terán carácter vinculante para o Consello de Seguranza Nuclear.

2. Este Comité Asesor estará composto polos seguintes membros, que serán nomeados polo presidente do Consello de Seguranza Nuclear:

a) Un representante por proposta do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

b) Un representante por proposta do Ministerio de Sanidade e Consumo.

c) Un representante por proposta do Ministerio do Interior.

d) Un representante por proposta do Ministerio de Medio Ambiente.

e) Un representante por proposta do Ministerio de Educación e Ciencia.

f) Un representante por proposta de cada unha das comunidades autónomas que teñan instalacións nucleares no seu territorio ou que establecesen acordos de encomenda co Consello de Seguranza Nuclear.

g) Un representante por proposta da Federación Española de Municipios e Provincias e un representante por proposta da Asociación de Municipios Afectados por Centrais Nucleares.

h) Dous representantes por proposta da Asociación Española da Industria Eléctrica.

i) Un representante por proposta de ENRESA e outro de ENUSA.

j) Un representante por proposta de cada unha das dúas organizacións sindicais de maior implantación no Estado.

k) Un representante por proposta de cada unha das dúas organizacións non gobernamentais, cuxo obxecto é a defensa do ambiente e o desenvolvemento sustentable de maior implantación no Estado.

l) Cinco expertos, nacionais ou estranxeiros, que deberán ser independentes e de recoñecido prestixio no ámbito científico, técnico, económico ou social, ou en materia de información e comunicación.

Os representantes dos ministerios terán polo menos rango de subdirector xeral ou equivalente.

3. O Comité Asesor poderá solicitar do Consello de Seguranza Nuclear aquela información que considere necesaria para o exercicio da súa función.

4. O réxime de acordos e normas de funcionamento do Comité Asesor quedará regulado no estatuto do Consello de Seguranza Nuclear.

5. Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto, modifique a composición deste comité asesor.»

12. Engádesse unha disposición adicional nova á Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que modifica o capítulo XIV da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, que queda redactada da seguinte maneira:

«Modificación do capítulo XIV da Lei de enerxía nuclear.

O capítulo XIV da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre a enerxía nuclear, queda redactado na seguinte forma:

## CAPÍTULO XIV

**Das infraccións e sancións en materia nuclear**Artigo 85. *Responsables.*

Sen prexuízo das eventuais responsabilidades civís, penais ou doutra orde e da responsabilidade material que resulte da comisión de feitos sancionables, o titular da instalación ou responsable da actividade considerarase responsable en atención aos seus deberes de vixilancia e control sobre a actividade.

Artigo 86. *Infraccións.*

Son infraccións administrativas as accións ou omisións que supoñan incumprimento ou inobservancia do disposto nesta lei, na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como en tratados e convenios subscritos e ratificados por España.

Pola súa gravidade, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

a) Son infraccións moi graves:

1. O exercicio de calquera actividade regulada por esta lei ou as súas normas de desenvolvemento sen ter obtido a preceptiva habilitación, ou ben cando estea caducada, suspendida ou revogada sempre que disto derive un perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

2. A inobservancia do requirimento do Consello de Seguranza Nuclear, os seus axentes ou outras autoridades competentes, de cesar a actividade en

curso ou de levar a parada a operación da instalación nuclear ou radioactiva de que se trate.

3. O incumprimento dos termos, límites ou condicións incorporados ás autorizacións, así como non aplicar as medidas técnicas, administrativas ou doutra orde que se impoñan a unha actividade ou ao funcionamento dunha instalación ou o incumprimento dos prazos sinalados para a súa posta en práctica, cando derive perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

4. O incumprimento do contido das instrucións emitidas en desenvolvemento das citadas autorizacións ou licenzas, cando derive un perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

5. A non-adopción de medidas técnicas, administrativas ou doutra orde para a corrección de deficiencias na actividade coñecidas polo titular, cando derive perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

6. O funcionamento de instalacións nucleares ou radioactivas ou a manipulación de materiais radioactivos sen dispoñer do persoal provisto de licenza, diploma ou acreditación requiridos para a dirección ou execución das operacións, cando derive un perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

7. O incumprimento das obrigas propias do persoal con licenza, así como dos termos e condicións incorporados a ela, cando derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

8. A operación de instalacións ou a realización de actividades que poidan supor exposición a radiacións, de orixe artificial ou natural, sen adoptar as medidas necesarias para o seu desenvolvemento de acordo cos principios, límites e procedementos establecidos en materia de protección sanitaria contra as radiacións ionizantes, tanto en situacións normais como en caso de exposicións accidentais ou emerxencias, cando derive un perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

9. A manipulación, traslado ou disposición de materiais radioactivos ou equipamentos produtores de radiacións ionizantes, que fosen precintados ou intervidos por razóns de seguranza nuclear ou protección radiolóxica.

10. O abandono ou a liberación de materiais radioactivos, calquera que sexa o seu estado físico ou formulación química, á atmosfera, auga, solo ou subsolo, cando pola súa magnitude e características, derive un perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

11. A adición deliberada de material radioactivo na produción de alimentos, xoguetes, adornos persoais e cosméticos, cando derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

12. A subministración ou transferencia de materiais radioactivos a persoas ou entidades que non dispoñan da autorización requirida para a súa posesión e uso ou sen que esas substancias ou materiais cumpran os requisitos establecidos sobre identificación e marcación, cando derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

13. Non dispoñer dos sistemas requiridos para almacenamento, tratamento e, se é o caso, evacuación de efluentes ou residuos radioactivos, sempre

que destas condutas derive un perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

14. Non proceder ao desmantelamento e clausura de instalacións nucleares ou radioactivas unha vez finalizado o seu funcionamento ou non dispoñer un destino en condicións de seguranza para os materiais radioactivos en desuso, cando derive un perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

15. O exercicio de calquera actividade regulada por esta lei, ou na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, e as súas disposicións de desenvolvemento, sen ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que esta puiden causar, nos termos establecidos na normativa específica de aplicación.

Se a infracción se refire a un transporte de material radioactivo, este punto será aplicable unicamente se afecta un transporte de combustible nuclear, irradiado ou non, ou de residuos radioactivos que revistan unha concentración tal de radionucleidos que se deba ter en conta a xeración de enerxía térmica durante o seu almacenamento e evacuación.

16. O impedimento do acceso ao persoal facultativo designado polas autoridades nacionais e internacionais legalmente habilitadas e ao persoal que o acompañe, acreditado por estas, a instalacións nucleares ou radioactivas ou a outros locais ou lugares, calquera que sexa a actividade desenvolvida nestes, cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade inspectora.

17. A obstrución á inspección, avaliación ou control do persoal facultativo designado polas autoridades legalmente habilitadas e ao persoal que o acompañe acreditado por estas mediante o impedimento da toma de mostras ou medidas, ou a ocultación ou denegación de documentos ou información, ou a achega de documentación ou información falsa ou deliberadamente incompleta, sexa ou non solicitada por aqueles, cando pola súa natureza e contido for necesario para o establecemento das conclusións da inspección, avaliación ou control, cando derive un perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

18. O incumprimento das obrigas establecidas en materia de información e notificación en tempo e forma ás autoridades legalmente habilitadas ou aos seus axentes, cando derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

19. O incumprimento deliberado do deber de remisión de información, a achega intencionada de documentación falsa ou incompleta, a perda de control do material fisionable especial cando este material poida ter un uso directo como parte dun dispositivo nuclear explosivo e non se recupere, a obstrución á inspección, avaliación ou control por parte do persoal facultativo designado polas autoridades nacionais ou internacionais legalmente habilitadas e o desenvolvemento de actividades suxeitas ao réxime de non-proliferação nuclear cando estas se desenvolvan voluntariamente co fin de coadunar á fabricación dun dispositivo nuclear explosivo, aínda cando non se manexen materiais nucleares, cando de calquera destes incumprimentos derive a imposibilidade do cumprimento das obrigas en materia de non-proliferação nuclear derivadas dos acordos internacionais celebrados por España.

20. A insuficiencia ou inobservancia de medidas requiridas para evitar a presenza de material

non controlado en áreas vitais ou protexidas dunha instalación nuclear ou radioactiva cando, pola súa natureza e localización, derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

21. A insuficiencia ou inobservancia de medidas orientadas a evitar a presenza de persoal non autorizado en áreas vitais ou protexidas dunha instalación nuclear ou radioactiva cando derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas ou dano grave ás cousas ou ao ambiente.

b) Son infraccións graves:

1. A realización de accións ou omisións tipificadas na alínea a) deste artigo, coa excepción das recollidas nos números 2, 9, 15, 16, 19 e 21, sempre que non derive perigo grave para a seguranza ou a saúde das persoas nin dano grave ás cousas ou ao ambiente, e que a conduta non estea tipificada como infracción leve.

2. Non adoptar as medidas necesarias para a disposición segura de materiais radioactivos encontrados en situacións fóra de control, sexa porque nunca o estiveron ou porque foron abandonados, perdidos, extraviados, roubados ou transferidos en condicións irregulares, agás os casos en que derive perigo de escasa transcendencia para as persoas, ou dano ás cousas ou ao ambiente.

3. O incumprimento das obrigas relativas a xeración, arquivo e custodia dos rexistros requiridos para o desenvolvemento da actividade ou para o control de materiais radioactivos, cando este incumprimento supoña perda da información afectada.

4. Non subministrarlles aos traballadores a formación ou información requiridas para que desenvolvan a súa actividade cumprindo as normas e procedementos establecidos sobre seguranza nuclear, protección contra as radiacións ionizantes, protección física ou actuación en caso de emerxencia, agás os casos en que derive perigo de escasa transcendencia para a seguranza ou a saúde das persoas, ou dano ás cousas ou ao ambiente.

5. As accións ou omisións que impidan ou dificulten ao persoal da organización ou ao persoal de empresas externas que presten servizos á instalación, dentro ou fóra dela, o exercicio do dereito de comunicación de deficiencias ou disfuncións que poidan afectar a seguranza nuclear ou protección radiolóxica ou a súa participación no esclarecemento dos feitos, ou que supoñan medidas discriminatorias para aqueles que exercen tal dereito.

6. O transporte de materiais radioactivos, sen ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que a actividade puiden causar, nos termos establecidos na normativa específica de aplicación.

Se o transporte afecta combustible nuclear, irradiado ou non, ou residuos radioactivos que revistan unha concentración tal de radionucleidos, que se deba ter en conta a xeración de enerxía térmica durante o seu almacenamento e evacuación, aplícase o tipo de infracción moi grave previsto no punto 15 do artigo 86.a).

7. O incumprimento deliberado do deber de remisión de información, a achega intencionada de documentación falsa ou incompleta, a perda de control do material fisionable especial cando se recupere e a obstrución á inspección, avaliación ou control por parte do persoal facultativo designado polas autoridades nacionais ou internacionais legalmente habilitadas cando calquera destes incumprimentos dificulte o cumprimento das obrigas en materia de non-proliferação nuclear derivadas dos acordos internacionais celebrados por España.

8. A insuficiencia ou inobservancia de medidas orientadas a evitar a presenza de persoal non autorizado en áreas vitais ou protexidas dunha instalación nuclear ou radioactiva.

c) Son infraccións leves:

1. A realización de accións ou omisións tipificadas na alínea a) deste artigo, coa excepción das recollidas nos números 2, 9, 15, 16, 19 e 21 sempre que non derive perigo para a seguranza ou a saúde das persoas, ou dano ás cousas ou ao ambiente, ou se consideren de escasa transcendencia.

2. Non adoptar as medidas necesarias para a disposición segura de materiais radioactivos encontrados en situacións fóra de control, sexa porque nunca o estiveron ou porque foron abandonados, perdidos, extraviados, roubados ou transferidos en condicións irregulares, nos casos en que non derive perigo para a seguranza ou a saúde das persoas, ou dano ás cousas ou ao ambiente, ou este sexa de escasa transcendencia.

3. O incumprimento das obrigas relativas a xeración, arquivo e custodia dos rexistros requiridos para o desenvolvemento da actividade ou para o control de materiais radioactivos, cando a información afectada sexa recuperada.

4. Non lles subministrarlles aos traballadores a formación ou información requiridas para que desenvolvan a súa actividade cumprindo as normas e procedementos establecidos sobre seguranza nuclear, protección contra as radiacións ionizantes, protección física ou actuación en caso de emerxencia, cando non derive perigo para a seguranza ou a saúde das persoas, ou dano ás cousas ou ao ambiente, ou este sexa de escasa transcendencia.

5. O incumprimento meramente formal das obrigas en materia de non-proliferação nuclear, sempre que isto non dificulte o cumprimento das obrigas en materia de non-proliferação nuclear derivadas dos acordos internacionais celebrados por España, así como a perda de control de material básico.

Artigo 87. *Cualificación.*

1. Para efectos deste capítulo entenderase que existiu perigo grave para a seguranza ou saúde das persoas cando se degrade o funcionamento seguro da actividade de tal maneira que os dispositivos, mecanismos ou barreiras de seguranza remanentes, ou as medidas administrativas dispoñibles, non permitan garantir que se poida evitar a exposición a radiacións ionizantes, con doses correspondentes á aparición de efectos deterministas.

2. Para os efectos deste capítulo entenderase que existiu dano grave ás cousas ou ao ambiente cando, como consecuencia da exposición a radiacións ionizantes, se vexan afectados os usos presentes ou futuros das cousas ou do ambiente.

3. Para os efectos deste capítulo, entenderase que non existiu perigo para a seguranza ou a saúde das persoas, ou que este é de escasa transcendencia, cando non se vexa afectada significativamente a seguranza da actividade ou instalación, e non se produzan situacións das cales puiden derivar exposición indebida a radiacións ionizantes ou, de se produciren tales situacións, as doses estivesen por debaixo dos límites establecidos regulamentariamente.

4. Para os efectos deste capítulo enténdese que existiu dano de escasa transcendencia cando non se vexan afectados os usos presentes ou futuros das cousas e o ambiente.

**Artigo 88. Graduación das sancións.**

1. As sancións graduaranse, atendendo aos principios de proporcionalidade e ás circunstancias especificadas no número 2 deste artigo, en tres graos: máximo, medio e mínimo.

2. Para a graduación das correspondentes sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

a) A magnitude do dano causado ás persoas, as cousas ou ao ambiente.

b) A duración da situación de perigo derivada da infracción.

c) O impacto da conduta infractora sobre a seguranza da actividade.

d) A existencia ou non de antecedentes de sobreexposición a radiacións ionizantes do persoal traballador e do público, no termo de dous anos.

e) Os antecedentes de xestión da seguranza na actividade no termo de dous anos.

f) O incumprimento das advertencias previas, requirimentos ou apercibimentos das autoridades competentes.

g) A falta de consideración das comunicacións do persoal traballador, dos seus representantes legais ou de terceiros, relacionadas coa seguranza nuclear ou a protección radiolóxica.

h) O beneficio obtido como consecuencia da comisión da infracción.

i) A existencia de intencionalidade ou negligencia na comisión da infracción, cando estas circunstancias non estean consideradas na tipificación da infracción e a reiteración.

j) A dilixencia na detección e identificación dos feitos constitutivos da infracción e na súa comunicación ás autoridades competentes.

k) Ter procedido o responsable á subscrición inmediata das causas e efectos derivados da infracción pola súa propia iniciativa.

l) A colaboración coa autoridade competente no esclarecemento dos feitos.

m) A reincidencia, por comisión no termo de dous anos, de máis dunha infracción da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme.

n) A cantidade de material nuclear fóra de control e a súa recuperación ou non, cando esta última circunstancia non estea recollida na tipificación da infracción.

**Artigo 89. Sancións.**

1. Cando se trate de centrais nucleares, as infraccións tipificadas nesta lei sancionaranse:

As moi graves, con multa no seu grao mínimo desde 9.000.001 ata 15.000.000 de euros, no seu grao medio desde 15.000.001 ata 20.000.000 de euros, e no seu grao máximo desde 20.000.001 ata 30.000.000 de euros.

As graves, con multa no seu grao mínimo desde 300.001 euros ata 1.500.000 euros, no seu grao medio desde 1.500.001 euros ata 4.500.000 euros e no seu grao máximo desde 4.500.001 ata 9.000.000 de euros.

As leves, con multa, no seu grao mínimo de 15.000 euros, no seu grao medio desde 15.001 euros ata 150.000 euros e no seu grao máximo desde 150.001 euros ata 300.000 euros.

2. Cando se trate de instalacións nucleares que non sexan centrais nucleares, as infraccións tipificadas nesta lei sancionaranse:

As moi graves, con multa no seu grao mínimo desde 3.000.001 euros ata 5.000.000 de euros, no seu grao medio desde 5.000.001 ata 7.000.000 de

euros, e no seu grao máximo desde 7.000.001 ata 10.000.000 de euros.

As graves, con multa no seu grao mínimo desde 100.001 euros ata 500.000 euros, no seu grao medio desde 500.001 euros ata 1.500.000 euros, e no seu grao máximo desde 1.500.001 ata 3.000.000 de euros.

As leves, con multa no seu grao mínimo de 12.000 euros, no seu grao medio desde 12.001 euros ata 50.000 euros, e no seu grao máximo desde 50.001 ata 100.000 euros.

3. Cando se trate de instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría, unidades técnicas de Protección Radiolóxica, servizos de Protección Radiolóxica, Centros de Dosimetría, Empresas de Venda e Asistencia Técnica de equipos de raios X médicos, transporte de material radioactivo, ou doutras actividades e entidades reguladas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, as infraccións tipificadas nesta lei sancionaranse:

As moi graves: desde 150.001 ata 200.000 euros en grao mínimo, desde 200.001 ata 400.000 euros en grao medio e desde 400.001 ata 600.000 euros en grao máximo.

As graves: desde 6.001 ata 15.000 euros en grao mínimo, desde 15.001 ata 30.000 euros en grao medio e desde 30.001 ata 150.000 euros en grao máximo.

As leves: 1.200 euros en grao mínimo, desde 1.201 ata 3.000 euros en grao medio e desde 3.001 ata 6.000 euros en grao máximo.

4. Cando se trate de instalacións radioactivas de primeira categoría ou de transportes de fontes radioactivas correspondentes á actividade principal destas instalacións, as multas reduciranse, para todos os seus graos, a un terzo das establecidas no punto 2 deste artigo.

5. Se se trata de transportes de combustibles nucleares, irradiados ou non, ou de residuos radioactivos que revistan unha concentración tal de radionucleidos que se deba ter en conta a xeración de enerxía térmica durante o seu almacenamento e evacuación, as multas reduciranse, para todos os seus graos, a dous terzos das establecidas no punto 2 deste artigo.

6. As infraccións moi graves poderán dar lugar, conxuntamente coas multas previstas, á revogación, retirada ou suspensión temporal das autorizacións, licenzas ou inscrición en rexistros. A efectividade destas medidas poderase asegurar procedendo á intervención ou ao precintado das substancias nucleares, dos materiais radioactivos ou equipamentos produtores de radiacións ionizantes ou á implantación de calquera medida de carácter provisional que resulte aplicable.

Igualmente poderán dar lugar á inhabilitación temporal ou definitiva ao acceso á condición de titular de calquera tipo de autorización ou licenza regulada por esta lei, na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear e nas súas disposicións de desenvolvemento.

**Artigo 90. Outras medidas.**

A incoación dun expediente por infracción dos preceptos desta lei ou dos regulamentos que a desenvolvan, determinará, se procede, logo do acordo do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a intervención inmediata do combustible nuclear ou dos materiais radioactivos e a conseguinte prohibición para adquirir novas cantidades de combusti-

bles ou materiais mentres non desaparecesen as causas que motivaron esta intervención.

Artigo 91. *Procedemento e competencias.*

1. O procedemento para a imposición das sancións axustarase aos principios dos artigos 127 a 138 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e ao disposto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a excepción do prazo máximo para a tramitación e notificación da súa resolución, que será dun ano.

2. O Consello de Seguranza Nuclear proporá, se é o caso, a iniciación do correspondente expediente sancionador respecto daqueles feitos que puidesen ser constitutivos de infracción en materia de seguranza nuclear, protección radiolóxica ou protección física, poñendo en coñecemento do órgano a que corresponda incoar o expediente tanto os feitos constitutivos da infracción apreciada como as circunstancias relevantes que sexan necesarias para a súa adecuada cualificación.

Así mesmo, iniciado un expediente sancionador en materia de seguranza nuclear, protección radiolóxica ou protección física, o Consello de Seguranza Nuclear emitirá, con carácter preceptivo, un informe no prazo de tres meses, para a adecuada cualificación dos feitos obxecto do procedemento. Este informe emitirase cando esta iniciación non for por proposta do Consello de Seguranza Nuclear, ou no suposto en que, téndoo sido, consten no dito procedemento outros datos ademais dos comunicados por este ente.

Este informe do Consello de Seguranza Nuclear producirá a suspensión do prazo de resolución do procedemento sancionador, ata a súa emisión, e en todo caso, ata un período máximo de tres meses desde que foi requirido.

3. No caso da presunta comisión de infraccións que se puidesen cualificar como leves, o Consello de Seguranza Nuclear de modo alternativo á proposta de apertura de expediente sancionador poderá aperceber o titular da actividade e requirir as medidas correctoras que correspondan, cando as circunstancias do caso así o aconsellen e sempre que non deriven danos e perdas directos ás persoas ou ao ambiente.

Se este requirimento non fose atendido, o Consello de Seguranza Nuclear poderá impoñer multas coercitivas por un importe que será, a primeira vez, do dez por cento, e as segundas e sucesivas do vinte por cento do valor medio da sanción que correspondese impoñer, no seu grao medio, co fin de obter a cesación de condutas activas ou omisivas que resulten contrarias ás prescricións desta lei, da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, e as súas disposicións de desenvolvemento.

4. Con independencia da sanción que puiden corresponder, se é o caso, ao titular, o Consello de Seguranza Nuclear poderá amoestar por escrito a persoa física que, mediante negligencia grave, sexa responsable da realización dunha mala práctica pola cal se orixinase a comisión material de feitos susceptibles de sanción.

5. No ámbito da Administración do Estado, a competencia para a iniciación e instrución dos expedientes sancionadores previstos neste capítulo corresponderalles aos órganos e unidades que integran a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

6. No ámbito da Administración do Estado, as sancións por infraccións moi graves cometidas por titulares de instalacións nucleares ou radioactivas de primeira categoría serán impostas polo Consello de Ministros, as graves polo Ministro de Industria, Turismo e Comercio, e as leves polo director xeral de Política Enerxética e Minas.

Cando se trate de sancións por infraccións moi graves cometidas polos titulares de instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría e restantes actividades reguladas por esta lei ou polas súas normas de desenvolvemento, serán impostas polo ministro de Industria, Turismo e Comercio, e polo director xeral de Política Enerxética e Minas nos supostos de infraccións graves e leves.

7. No ámbito das comunidades autónomas observarase o previsto na súa propia normativa.

8. O Goberno, mediante real decreto, poderá actualizar a contía das multas establecidas nesta lei, de acordo coas variacións que experimente o índice de prezos de consumo.

9. En materia de transporte de materiais radioactivos será de aplicación este cadro sancionador naqueles aspectos especificamente regulados por esta lei ou as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo das infraccións e sancións establecidas na lexislación básica sobre ordenación do transporte.

Artigo 92. *Medidas cautelares.*

O órgano competente para impoñer a sanción poderá acordar, por proposta do Consello de Seguranza Nuclear, entre outras, as seguintes medidas provisionais:

- a) Medidas de corrección, seguranza ou control que impidan a continuidade na infracción ou na produción do risco ou dano.
- b) Precintado de aparellos ou equipamentos.
- c) Incautación de materiais ou equipamentos.
- d) Suspensión temporal, parcial ou total do funcionamento das instalacións ou da execución das actividades.

As medidas sinaladas no punto anterior poderán ser acordadas antes da iniciación do procedemento administrativo sancionador ou durante este, nas condicións establecidas nos artigos 72 e 136 da Lei 30/1992, sobre réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 93. *Prescrición.*

1. As infraccións e sancións previstas neste capítulo prescribirán:

- a) As infraccións moi graves, aos cinco anos, as graves aos tres anos e as leves ao ano.
- b) As sancións impostas por faltas moi graves aos cinco anos, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas leves ao ano.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezase a contar desde o día en que a infracción se cometese. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade, a do último acto en que a infracción se consume ou no momento en que a Administración competente detecte a existencia da infracción.

Interromperá a prescrición a iniciación do procedemento sancionador, co coñecemento do interesado, reiniciándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

3. O tempo de prescrición das sancións comezase a contar desde a data en que a resolución sancionadora sexa firme, interrompéndose a prescrición pola iniciación, co coñecemento do interesado, do procedemento correspondente.»

**Disposición adicional primeira.** *Modificación das disposicións adicionais sexta e sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

1. Modifícanse os números 3 e 4 da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, relativa ao Fondo para o financiamento das actividades do Plan Xeral de Residuos Radioactivos, que quedan redactados da seguinte maneira:

«3. Terán a consideración de custo de diversificación e seguranza de abastecemento as cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares, e ao seu desmantelamento e clausura, que sexan atribuíbles á explotación destas levada a cabo con anterioridade ao 1 de abril de 2005.

Así mesmo, terán esta consideración as cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos da xestión de residuos radioactivos procedentes daquelas actividades de investigación que o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio determine que estiveron directamente relacionadas coa xeración de enerxía nucleoelectrónica, as operacións de desmantelamento e clausura que se deban realizar como consecuencia da minaría e produción de concentrados de uranio con anterioridade ao 4 de xullo de 1984, e daqueles outros custos que se especifiquen mediante real decreto.

4. As cantidades destinadas a dotar a parte da provisión para o financiamento dos custos correspondentes á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado xerados nas centrais nucleares, e ao seu desmantelamento e clausura, que sexan atribuíbles á explotación destas levada a cabo con posterioridade ao 31 de marzo de 2005, non terán a consideración de custo de diversificación e seguranza de abastecemento e serán financiadas polos titulares das centrais nucleares durante a súa explotación. Para estes efectos, consideraranse atribuíbles á explotación posterior ao 31 de marzo de 2005 os custos asociados á xestión dos residuos radioactivos que se introduzan no almacén da central a partir da dita data, así como a parte proporcional dos custos do desmantelamento e clausura que corresponda ao período de explotación que lle reste á central nesa data. No que se refire ao combustible gastado, consideraranse atribuíbles á explotación posterior ao 31 de marzo de 2005 os custos asociados á xestión do combustible gastado resultante do combustible novo que se introduza no reactor nas paradas de recarga que conclúan con posterioridade a esa data.

Imputaranse á xestión dos residuos radioactivos e do combustible gastado e ao desmantelamento e clausura, todos os custos relativos ás actividades técnicas e servizos de apoio necesarios para levar a cabo estas actuacións, nos cales se inclúen os correspondentes aos custos de estrutura e aos proxectos e actividades de I+D, de acordo todo isto co previsto no Plan Xeral de Residuos Radioactivos.

Así mesmo, imputaranse a esta xestión as asignacións de ENRESA destinadas aos municipios afectados por centrais nucleares ou instalacións de almacenamento de combustible gastado ou residuos radioacti-

vos, nos termos establecidos polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como os importes correspondentes aos tributos que se xeren en relación coas actividades de almacenamento de residuos radioactivos e combustible gastado. Estas asignacións e tributos serán financiados polos titulares das centrais nucleares, con independencia da data de xeración dos residuos radioactivos e do combustible gastado nelas.»

2. Modifícanse os seguintes puntos e alíneas da disposición adicional sexta bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, pola que se crea a entidade pública empresarial ENRESA de xestión de residuos radioactivos.

1. Modifícase o punto 17. Primeiro, alínea f), relativo ás normas de xestión da taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o punto 3 da disposición adicional sexta, que queda redactado da seguinte maneira:

«f) Normas de xestión.

A xestión da taxa corresponde á entidade pública empresarial ENRESA. Mediante orde ministerial aprobarase o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa correspondente á recadación do penúltimo mes anterior ingresárase mediante autoliquidación que será efectuada polo suxeito pasivo substituído do contribuínte antes do día 10 de cada mes ou, se é o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas delas.

Esta taxa integrarase para todos os efectos na estrutura de tarifas eléctricas e peaxes establecida na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico e nas súas disposicións de desenvolvemento.»

2. Modifícase o punto 17. Segundo, alínea f), relativo ás normas de xestión da taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos a que se refire o punto 4 da disposición adicional sexta, que queda redactado da seguinte maneira:

«f) Normas de xestión.

A xestión da taxa corresponde á entidade pública empresarial ENRESA.

Mediante orde ministerial aprobarase o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa ingresárase mediante autoliquidación que será efectuada polo suxeito pasivo no prazo dos tres meses naturais seguintes ao seu nacemento.

No caso do cesamento anticipado da explotación dunha central nuclear por vontade do titular, con respecto ás previsións establecidas no Plan Xeral de Residuos Radioactivos, o déficit de financiamento que, se é o caso, existise no momento do cesamento, deberá ser aboado polo titular á entidade pública empresarial ENRESA durante os tres anos seguintes a partir da data deste cesamento, efectuando pagamentos anuais iguais na contía que

determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio de acordo co estudo económico que realice esa entidade.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Poderanse realizar convenios con entidades, institucións e organizacións representativas dos suxeitos pasivos das taxas, co fin de simplificar o cumprimento das obrigas formais e materiais derivadas delas.»

3. Modifícase o punto 17. Terceiro, alínea f), relativo ás normas de xestión da taxa pola prestación de servizos de xestión dos residuos radioactivos derivados da fabricación de elementos combustibles, incluído o desmantelamento das instalacións de fabricación, que queda redactado da seguinte maneira:

«f) Normas de xestión.

A xestión da taxa corresponde á entidade pública empresarial ENRESA.

Mediante orde ministerial aprobarase o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa ingresarase mediante autoliquidación que será efectuada polo suxeito pasivo no prazo dos tres meses naturais seguintes ao seu nacemento.

No caso de cesamento anticipado da explotación dunha instalación de fabricación de elementos combustibles por vontade do titular, con respecto ás previsións establecidas no Plan Xeral de Residuos Radioactivos, o déficit de financiamento que, se é o caso, existise no momento do cesamento, deberá ser aboado polo titular á entidade pública empresarial ENRESA durante os tres anos seguintes a partir da data do dito cesamento, efectuando pagamentos anuais iguais na contía que determine o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio de acordo co estudo económico que realice esa entidade.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.»

**Disposición adicional segunda.** *Modificación dos artigos 1, 2, 36, 37, 38, 43, adición dun novo artigo 44 bis e reenumeración dos artigos 96 e 97 como 94 e 95 respectivamente, da Lei 25/1964, de enerxía nuclear.*

1. Dáse nova redacción ao artigo 1, que queda redactado na seguinte forma:

«Artigo 1.

Esta lei ten por obxecto:

a) Establecer o réxime xurídico para o desenvolvemento e posta en práctica das aplicacións pacíficas da enerxía nuclear e das radiacións ionizantes en España, de maneira que se protexan adecuadamente persoas, cousas e ambiente.

b) Regular a aplicación dos compromisos internacionais adquiridos polo Estado en materia de enerxía nuclear e radiacións ionizantes.»

2. Modifícase a redacción do punto doce bis, do artigo 2, quedando redactado como segue:

«Doce bis. Outros dispositivos e instalacións experimentais.

Defínense como dispositivos e instalacións experimentais os que utilicen reaccións nucleares de fusión ou fisión para producir enerxía ou con vistas á produción ou desenvolvemento de novas fontes enerxéticas.

Estes dispositivos e instalacións someteranse ao mesmo réxime de autorizacións que se fixe regulamentariamente para as instalacións nucleares.»

3. Dáse nova redacción ao artigo 36, que queda da seguinte forma:

«Artigo 36.

O titular das instalacións nucleares ou radioactivas ou das actividades relacionadas con radiacións ionizantes será responsable da súa seguranza.

As instalacións nucleares e radioactivas e as explotacións de minerais radioactivos deberán desenvolver a súa actividade de maneira que se manteñan as condicións de seguranza exixibles, adoptando as medidas necesarias para previr accidentes nucleares e radiolóxicos así como as previsións para mitigar as súas consecuencias no caso de que se produzan; e deberán cumprir cantas disposicións se fixen nos regulamentos correspondentes en relación coa seguranza nuclear e as radiacións ionizantes.

Estas disposicións referiranse tanto ás condicións de traballo como ao perigo que as radiacións ionizantes representan para as persoas profesionalmente dedicadas a actividades de natureza nuclear, como a terceiras persoas, cousas e ambiente, que poidan quedar afectados polas ditas radiacións e actividades.

Así mesmo, as autoridades competentes e os titulares deberán adoptar as medidas de prevención e protección necesarias para manter as condicións de seguranza física adecuadas nestas instalacións.»

4. Dáse nova redacción ao artigo 37, que queda da seguinte forma:

«Artigo 37.

As organizacións responsables da xestión das instalacións nucleares e radioactivas deberán dispoñer dos recursos humanos, técnicos e económicos adecuados para manter as condicións de seguranza e terán incorporados os principios básicos da xestión de seguranza.

O persoal das instalacións nucleares e radioactivas deberá reunir as condicións de idoneidade que se establezan no regulamento correspondente, debéndose someter obrigatoriamente para a súa comprobación á realización das probas médicas ou doutro tipo que se determinen regulamentariamente.

Nas instalacións nucleares existirá un xefe de operación que reúna as condicións que regulamentariamente se establezan e que terá ao seu cargo a supervisión de todas as operacións de emprego e explotación das instalacións, sendo tecnicamente responsable do seu funcionamento.

O xefe de operación terá facultade para suspender o funcionamento da instalación cando o considere procedente ou necesario.»

5. Engádesse un novo parágrafo ao artigo 38, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 38.

Así mesmo, deberán adoptar as medidas apropiadas en todas as etapas de xestión do combustible nuclear gastado e dos residuos radioactivos, co fin

de que se protexan adecuadamente as persoas, cousas e ambiente, tanto no presente como no futuro, contra os riscos radiolóxicos e de maneira que a produción de residuos, en cantidade e actividade, sexa a menor posible, conforme a práctica científica existente en cada momento.»

6. Suprímese o parágrafo segundo do artigo 43.

7. Engádesse un novo artigo 44 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 44 bis.

Aquelas actividades industriais non reguladas como instalacións nucleares ou radioactivas que xeren, ou poidan xerar, materiais residuais con contido radioactivo en forma de subprodutos, deberán someter, cando o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio así o determine, logo de informe do Consello de Seguranza Nuclear, á regulación contida nesta lei e nos seus regulamentos de desenvolvemento en canto á xeración e xestión dos citados subprodutos.»

8. Renuméranse os artigos 96 e 97 como 94 e 95, respectivamente.

**Disposición adicional terceira.** *Modificación da disposición adicional primeira da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear.*

Modifícase a disposición adicional primeira da Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguranza Nuclear, que queda redactada da seguinte forma:

«Primeira. Para os fins desta lei aplicaranse as definicións contidas no artigo 2 da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear, ademais das seguintes:

Un. Instalacións radioactivas de primeira categoría son:

- a) As fábricas de produción de uranio, torio e os seus compostos.
- b) As fábricas de produción de elementos combustibles de uranio natural.
- c) As instalacións que utilicen fontes radioactivas con fins de irradiación industrial.
- d) As instalacións complexas en que se manexen inventarios moi elevados de substancias radioactivas ou se produzan feixes de radiación de moi elevada fluencia de enerxía, de forma que o potencial impacto radiolóxico da instalación sexa significativo.

Dous. Instalacións radioactivas de segunda categoría son:

- a) As instalacións onde se manipulen ou almacenen nucleidos radioactivos que se poidan utilizar con fins científicos, médicos, agrícolas, comerciais ou industriais, cuxa actividade total sexa igual ou superior a mil veces a de exención que se estableza regulamentariamente.
- b) As instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X que poidan funcionar cunha tensión de pico superior a douscentos quilovoltios.
- c) Os aceleradores de partículas e as instalacións onde se almacenen fontes de neutróns.

Sempre que non proceda a súa clasificación como de primeira categoría.

Tres. Instalacións radioactivas de terceira categoría son:

- a) As instalacións onde se manipulen ou almacenen nucleidos radioactivos cuxa actividade total

sexa superior á de exención que se estableza regulamentariamente e inferior a mil veces esta.

- b) As instalacións que utilicen aparellos xeradores de raios X cuxa tensión de pico sexa inferior a douscentos quilovoltios.»

#### **Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

#### **Disposición derradeira primeira.**

O Goberno, nun prazo máximo de nove meses contado desde a data de entrada en vigor desta lei, aprobará a modificación do Estatuto do Consello de Seguranza Nuclear.

#### **Disposición derradeira segunda.**

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de novembro de 2007

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

**19326** *REAL DECRETO 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.* («BOE» 268, do 8-11-2007.)

A Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, encomendoulle ao Goberno a regulación das ensinanzas dos técnicos deportivos segundo as exixencias marcadas polos distintos niveis educativos. En cumprimento deste mandato ditouse o Real decreto 594/1994, do 8 de abril, sobre ensinanzas e títulos dos técnicos deportivos. A Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, posibilitou no seu artigo 3.4 o establecemento de novas ensinanzas de réxime especial. De acordo con este precepto ditouse o Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro, polo que se configuran como ensinanzas de réxime especial as conducentes á obtención de titulacións de técnicos deportivos, se aproban as directrices xerais dos títulos e das correspondentes ensinanzas mínimas, norma que corrixiu as limitacións que establecía o Real decreto 594/1994 no desenvolvemento dos técnicos deportivos. A consideración das ensinanzas deportivas como ensinanzas de réxime especial recolleuse tamén na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. A súa imbricación no sistema educativo defínese fundamentalmente na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que lles dá a estas ensinanzas un